



Concello  
San Cibrao das Viñas  
Concellería de Cultura,  
Muller e Infancia

# BANDO

**Ábrese o prazo para a presentación de instancias para a axuda da compra de libros e material para escolares que cursen segundo ciclo de Educación Infantil, dentro da provincia, establecéndose en 145 € á máxima cuantía a subvencionar a todas aquelas familias que reúnan os seguintes**



## REQUISITOS:

- **Estar empadroados no Concello de San Cibrao das Viñas polo menos o pai, nai ou titor do neno cunha antigüidade previa dun ano á convocatoria da axuda.**
- **Ter presentadas as solicitudes e a documentación requirida.**
- **R.P.C. anual das familias ás que se lle conceda a axuda, non poderá exceder duns ingresos netos de 6500 € por membro familiar ao ano.**
- **A certificación do núcleo de convivencia será comprobada de oficio polo Concello.**

## DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

Solicitude da axuda preferiblemente por vía electrónica na súa sede electrónica <http://sancibrao.sedelectronica.es> ou de forma presencial no Concello.

Factura orixinal detallada da compra e titular da mesma, pai/nai ou titor do solicitante.

Listado de libros e material escolar indicado polo colexio.

Copia do Libro de Familia.

Copia do D.N.I non caducado do solicitante.

Xustificación de ingresos de todos os membros que vivan no mesmo domicilio:

Copia da Última declaración da Renda e de Patrimonio ou documento acreditativo de non estar obrigado a presentala (certificado de imputacións) referida o ano 2021, ou certificación da Empresa dos ingresos obtidos durante 2021 de tódolos membros que traballen, convivan na vivenda e non teñan obriga de presentar a declaración da renda. (Base imponible xeral e base imponible do aforro).

Para familias en paro: Certificación do INEM da contía percibida durante 2021 ou ben certificación de non haber percibido prestación.

Si conviven persoas pensionistas na vivenda, certificado da Seguridade Social da contía da pensión ou certificado negativo do mesmo organismo no seu caso.

Outras prestacións: RISGA, PNC, IMV, RAI, Prestación por fillo a cargo, manutencións pensións compensatorias, de orfandade certificación do organismo correspondente.

Certificado ou informe do centro onde o alumno/a realice estudos no que se especifique o curso onde está matriculado.

No caso de separación ou divorcio documentación que o acredite. No caso de non percibir pensión alimenticia ou compensatoria, presentarse fotocopia da denuncia de incumprimento destas obrigas.

Certificado de acollemento familiar remunerado, no seu caso.

Os estranxeiros deberán presentar un informe dos ingresos obtidos no ano 2021 no país correspondente mediante documento oficial .



## PRAZO DE PRESENTACIÓN

**ATA O VINDEIRO 30 DE SETEMBRO**

